



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Facultade Ciencias da Saúde

Grao en Terapia Ocupacional

Curso académico 2015-2016

TRABALLO DE FIN DE GRAO

**“Exploración da inclusión laboral das persoas
con discapacidade intelectual no eido rural”**

Virginia Vázquez Varela

Xuño 2016

DIRECTORES DO TRABALLO

David Luaces Gudín, Terapeuta Ocupacional. Profesor asociado da Facultade de Ciencias da Saúde. Universidade da Coruña.

Jessica Antelo Álvarez, Terapeuta Ocupacional.

Índice

Resumo	6
Resumen	7
Abstract	8
1.Introdución	9
1.1 Discapacidade Intelectual: definición, clasificación e contextualización en España e Galicia	9
1.2 Lexislación e Discapacidade Intelectual	11
1.3 Emprego e Discapacidade Intelectual	12
1.4 Terapia Ocupacional, Discapacidade Intelectual e emprego.....	14
2.Bibliografía	17
3.Hipótese	22
4.Obxectivos	23
5.Metodoloxía	24
5.1 Procura bibliográfica.....	24
5.2 Tipo de estudo.....	24
5.3 Acceso ó campo	24
5.4 Selección de informantes	25
5.5 Recollida de datos	26
5.6 Análise de datos	26
5.7 Rigor e credibilidade.....	27
5.8 Aplicabilidade	28
5.9 Limitacións do estudo.....	28

6.Plan de traballo	29
7.Consideracións éticas	30
8.Plan de difusión de resultados	31
9.Financiamento da investigación	33
9.1 Recursos e presupostos.....	33
9.2 Posibles fontes de financiamento.....	34
10.Agradecementos	35
11.Anexos	36
I. Procura bibliográfica.....	37
II. Entrevista usuarios/-a.....	38
III. Entrevista familiar	39
IV. Entrevista empresario/-a	40
V. Folla de información ó participante	41
VI. Consentimento informado.....	43

Resumo

Título: “Exploración da inclusión laboral das persoas con discapacidade intelectual que habitan no eido rural”

Introdución: O acceso a un emprego é un dereito e un deber o mesmo tempo de todas as persoas en idade laboral en España. Así é, que as persoas con Discapacidade Intelectual teñen o dereito e o deber dun emprego, habendo unha lexislación que o rexe. A Terapia Ocupacional pode colaborar en canto a preparar a persoa para procura de emprego, o mantemento deste, a adaptación do posto de traballo, etc., o emprego pode ser significativo para as persoas se nos fundamentamos en que vai mellorar a súa autonomía persoal e a calidade de vida.

Obxectivo: Explorar a inclusión laboral das persoas con discapacidade intelectual que habitan no eido rural.

Metodoloxía: O estudo realizarase mediante unha metodoloxía cualitativa cun enfoque fenomenolóxico. A recollida de datos elaborárase mediante unha entrevista semiestructurada, dirixida a explorar a inclusión laboral das persoas con discapacidade intelectual realizadas a varios informantes (usuarios/-as, familiares e empresas). O análise de datos realizarase mediante a triangulación dos datos e o programa Atlas-ti. Consolidárase o rigor seguindo os criterios de credibilidade, transferibilidade, confirmabilidade e dependencia.

Palabras clave: Discapacidade Intelectual, Terapia Ocupacional, Emprego, Inclusión Laboral.

Resumen

Título: “Exploración de la inclusión laboral de las personas con discapacidad intelectual que habitan en el entorno rural”

Introducción: El acceso a un empleo es un derecho y un deber al mismo tiempo de todas las personas en edad laboral en España. Así es, que las personas con Discapacidad Intelectual tienen el derecho y el deber de un empleo, habiendo una legislación que lo rige. La Terapia Ocupacional puede colaborar en cuanto a preparar a la persona para la búsqueda de empleo, el mantenimiento de este, la adaptación del trabajo, etc., el empleo puede ser significativo para las personas si nos fundamentamos en que a mejorar su autonomía personas y la calidad de vida.

Objetivo: Explorar la inclusión laboral de las personas con discapacidad intelectual que habitan en el entorno rural.

Metodología: El estudio se realizará, mediante una metodología cualitativa con un enfoque fenomenológico. La recogida de datos se elaborará mediante una entrevista semiestructurada, dirigida a explorar la inclusión laboral de las personas con discapacidad intelectual realizadas a varios informantes (usuarios/-as, familiares y empresas). El análisis de los datos se realizará mediante la triangulación de los datos y el programa Atlas-ti. Se considerará el rigor siguiendo los criterios de credibilidad, transferibilidad, confirmabilidad y dependencia.

Palabras clave: Discapacidad Intelectual, Terapia Ocupacional, Empleo, Inclusión Laboral.

Abstract

Title “Exploring labor inclusion of adults with intellectual disabilities in the rural environment”

Introduction: The access to the job market in Spain is the right and duty of the working-age population. That means people with intellectual disability has the right and duty of working, due to the existence of legislation about it. Occupational Therapy can help people get ready to search for a job, get skills to maintain it, make easier the process of adaptation to the job... Work can be significant for people because this fact improves their personal autonomy and their quality of life.

Objective : Examine the access to the job market for people with intellectual disability who lives in a rural environment.

Methodology: This study will be bases on a qualitative methodology with a phenomenological approach. Data collection will be carried out through a semistructured interview aimed at examining job placement situations of people with intellectual disability. These interviews will be done to different participants (users, relatives and companies) and data analysis will be made trough data triangulation and processed with Atlas-ti software. The rigour will be considered in terms of credibility, transferability, reliability and reliance.

Keywords: Intellectual Disability, Occupational Therapy, Job, Job market

1. Introducción

1.1 Discapacidade Intelectual: definicións, clasificación e contextualización en España e Galicia.

Existen múltiples aproximacións ó concepto de Discapacidade Intelectual (DI), unhas das últimas definicións é a que ven dada no DSM-V (Diagnostic and Statistical Manual of Mental Disorders), que define DI como: *“déficits no funcionamento intelectual (...), os déficits adaptativos limitan o funcionamento en unha ou máis actividades da vida diaria, tales como a comunicación, a participación social e a vida independente a través de múltiples ambientes, tales como a casa, a escola, o traballo e a comunidade. O inicio dos déficits intelectuais e adaptativos ten lugar durante o período de desenvolvemento.”*¹

A AAIDD (American Association on Intellectual and Developmental Disabilities), na súa edición número 11, recolle a definición de Luckasson y cols., 2002, e defínea como *“limitacións significativas tanto no funcionamento intelectual, como en conducta adaptativa, tal como se manifestou en habilidades adaptativa, conceptuais e prácticas”*²

Outra das aproximacións á definición de DI, máis relacionada co ámbito laboral, é a elaborada pola Conferencia da OIT (Organización Internacional do Traballo) para promover oportunidades de formación e emprego para as persoas con DI. Neste foro caracterizouse a discapacidade intelectual como: *“unha limitación importante, tanto nas funcións intelectuais como na conducta de adaptación que se manifesta nas capacidade conceptuais, sociais e prácticas. As persoas con discapacidade experimentan dificultades en unha ou máis das seguintes áreas: aprendizaxe, comunicación, coidado propio, vida no fogar, habilidades sociais, uso da comunidade, autonomía, seguridade, saúde, espallamento e traballo”.*³

Para a clasificación da DI, o DSM-V na súa publicación de maio do 2013, e traducido ó español no 2014, distingue catro tipos de discapacidade intelectual: leve, moderada, grave e profunda.¹

A **discapacidade intelectual leve** caracterízase pola dificultade na aprendizaxe de habilidades académicas (lectura, escritura, control de tempo, control de diñeiro, etc.) en idade escolar. Na idade adulta seguen sendo complexas estas habilidades, e vese minguado o pensamento abstracto, a función executiva e a memoria a curto prazo. En canto ás interaccións sociais, presentan limitacións na comunicación, conversa e linguaxe para o esperado á súa idade ou dificultades na regulación emocional ou de conducta. No que se refire ó coidado persoal, aínda que pode ser adecuado para a súa idade, precisan apoio en tarefas complexas como facer a compra, preparar a comida, manexar o diñeiro , etc. Con respecto a área laboral, os traballos máis axeitados son aqueles que non impliquen moito esforzo en habilidades conceptuais.¹

A **discapacidade intelectual moderada** caracterízase polo desenvolvemento máis paulatino da linguaxe, as actividades pre-académicas, a lectura, a escritura, as matemáticas e a comprensión do tempo e do diñeiro respecto as persoas da súa mesma idade. Na adultez estas habilidades desenvólvense nun nivel básico. Para a súa idade, teñen dificultades na conduta social e comunicativa; e a linguaxe é un instrumento para a comunicación social. As relacións de familia e amizade son favorables, aínda que se poden ver minguadas pola limitacións na comunicación social, na vida adulta poden chegar a ter unha relación de parella. No referido ó coidado persoal, poden chegar a ser independentes cun previo ensaio das actividades. Respecto á área laboral, teñen unha maior adaptación ós traballos que non requiran moitas habilidades conceptuais e de comunicación, precisando de todos modos da axuda de compañeiros/as, supervisores/-as e outros/as para acadar as expectativas.¹

A **discapacidade intelectual grave** caracterízase polas limitacións nas habilidades conceptuais, e pola escasa comprensión da linguaxe escrita, dos conceptos numéricos (tempo, diñeiro e cantidades). Os/As coidadores/-as son un apoio para a solución de problemas no día a día. A linguaxe é limitada e a fala pode consistir en frases sinxelas ou comunicación por xestos. Dende a infancia requiren dun apoio para as Actividades da Vida Diaria (AVDs) e na

vida adulta para as tarefas domésticas, lecer e traballo; precisa habituarse a elas para adquirilas. ¹

A **discapacidade intelectual profunda** caracterízase porque poden empregar obxectos para o auto-coidado se algún outro déficit sensorial ou motor non llo impide. A súa comunicación é non verbal, e comprenden instrucións e xestos moi sinxelos. As actividades de ámbito social pódense ver impedidas por déficits motores ou sensoriais. Para o coidado diario precisan de unha terceira persoa que realice as actividades, aínda que algunhas veces pódense axudar se a discapacidade motora non é importante. ¹

Segundo os datos referidos por Plena Inclusión (organización que representa en España ás persoas con DI e do desenvolvemento), o 1% da poboación española ten algún tipo de DI ou desenvolvemento. No que se refire ó conxunto das comunidades autónomas, a finais do 2013 había un total de 234.915 persoas cunha DI recoñecida (cun grao maior ou igual o 33%). Isto é, un 9,16% do total de persoas con discapacidade recoñecida en España. ⁴

En Galicia non se atoparon datos específicos sobre o número de persoas con DI; o último rexistro plásmase no censo xeral realizado pola Consellería de Traballo e Benestar en decembro do 2015, no cal se asegura que hai un total de 79.035 persoas con discapacidade psíquica (incluíndo DI e saúde mental). ⁵

1.2 Lexislación laboral e discapacidade intelectual

A nivel internacional, estatal e autonómico, existe lexislación para a inclusión laboral das persoas con discapacidade, sen embargo, non se atopa ningún documento específico destinado ás persoas con DI.

En primeiro lugar, a nivel internacional a “Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade”, realizada polas Nacións Unidas en Decembro do 2006, e corroborada en España en Maio do 2008, suxire *“promover, protexer e asegurar o goce pleno e en condicións de igualdade de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais por todas as persoas con discapacidade e promover o respecto da súa dignidade inherente.”* ⁶

Pola súa parte en España, a Constitución Española, no Artigo 9, menciona a igualdade de oportunidades e que os poderes públicos muden o que sexa preciso para facer que a igualdade sexa efectiva e facilitar a participación.⁷ O Real Decreto 290/2004, ten como obxectivo normalizar o terreo laboral, para impulsar o emprego das persoas con discapacidade⁸, o Artigo 17.2 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo redacta “a non discriminación nas relacións laborais”⁹, a Directiva 2000/78/CE do 2 de novembro que expresa a igualdade de trato no emprego e ocupacións.¹⁰

Tamén a LISMI (*Lei de Integración Social das Persoas con Discapacidade, 1982*) promove a inclusión laboral das persoas con discapacidade ¹¹ e anos mais tarde aparece a LIONDAU, 2003 (*Lei de Igualdade de Oportunidades, non Discriminación e Accesibilidade Universal*), esta defende a non discriminación das persoas con discapacidade.¹² Na primeira, recoñécese a reserva de prazas para este colectivo en empresas, en función do número de traballadores. Por último a Lei 53/2003, regula a oferta de emprego público das persoas con discapacidade.¹³

En Galicia, publicouse a Orde do 29 de decembro do 2015, na cal se constitúen as bases que regulan o Programa de Promoción da integración laboral das persoas con discapacidade na empresa ordinaria¹⁴, e o Decreto 19/2016, do 25 de febreiro, no cal se aproba a oferta de emprego público para as persoas con discapacidade en Galicia para o ano 2016.¹⁵

1.3 Emprego e discapacidade intelectual

O Artigo 35 da Constitución Española reflexa que “*todos os españois teñen o deber de traballar e o dereito o traballo, a libre elección de profesión ou oficio (...)*”¹⁶. Na sociedade actual, a igualdade de oportunidades é un principio compartido e unha aspiración xeneralizada.¹⁷

É relevante diferenciar os termos *emprego* e *traballo*. O emprego defínese como “*unha actividade a que unha persoa se dedica e que cobra un soldo por elas*” mentres que o traballo se denomina como “*unha actividade humana que se realiza para producir algo, e conseguir un resultado*”.¹⁸

Á hora de valorar a inclusión laboral, non todas as persoas con discapacidade presentan a mesma dificultade para o acceso ó emprego. As persoas con DI requiren, na súa maioría, adaptación e cambios máis acentuados no seu posto laboral.¹⁷ En contraposición, as persoas cunha discapacidade sensorial son menos estigmatizadas no acceso ó mundo laboral que as persoas con DI.¹⁹

Na actualidade, a desigualdade de xénero no ámbito laboral é palpable na totalidade da poboación, máis concretamente no ámbito da discapacidade intelectual esta tamén está presente, sendo máis dificultoso o acceso ó traballo nas mulleres que homes deste colectivo.²⁰ O INE (Instituto Nacional de Estatística) reflexa que a taxa de paro das persoas con discapacidade é en xeral 40% superior o das persoas sen discapacidade.²¹

En España, creáronse diversos tipos de emprego destinados ás persoas con discapacidade no ámbito laboral: emprego con apoio, emprego protexido e emprego ordinario.

O emprego con apoio recoñecido no Real decreto 870/2007, do 2 de xullo, e defínese como *“conxunto de servizos e accións que se centran na persoas con discapacidade para poder acceder, manterse e promocionarse nunha empresa ordinaria, contando co apoio de diversos profesionais.”* Estas persoas precisan de un apoio continuo, puntual ou intermitente para o desenvolvemento da actividade laboral que está a realizar. A intensidade e a duración deste servizo debe de ser a precisa para manter o lugar de traballo, asegurar a continuidade e a promoción do traballador ou traballadora.²²

Por outra parte atópase o emprego protexido, o cal se leva a cabo en centros especiais de emprego. O obxectivo destes centros é realizar un traballo produtivo, participante regularmente nas operacións de mercado e tendo como finalidade de asegurar un emprego remunerado e prestar servizos de axuste persoal e social que requiran os seus traballadores. Á vez que se converte nun medio de inclusión dos traballadores con discapacidade no réxime de emprego normalizado.²³

O emprego ordinario, é *“o emprego en empresas normalizadas, nas que na súa maioría está composto por persoas sen discapacidade, xa sexan públicas ou privadas. O emprego autónomo é o xerado polo propio traballador.”* Este tipo de emprego pode estar suxeito a calquera das seguintes modalidades: contratos por tempo indefinido, de formación, en prácticas; e empregos selectivos ou de contratación laboral.²³

No que respecta ás empresas a Lei 44/2007 do 13 de decembro, no Artigo 4, regula o réxime das empresas de inserción; estas son empresas convencionais, que supoñen unha ferramenta para loitar contra a exclusión social das persoas con discapacidade neste eido.²⁴

Para concluír este punto, apuntar que a inclusión laboral das persoas con DI é un reto e un deber ó mesmo tempo,²⁵ tanto para a propia persoa, como para a súa familia, as empresas e a sociedade en xeral.

1.4 Terapia Ocupacional, Discapacidade intelectual e emprego

A Terapia Ocupacional (TO), segundo a AOTA, *“é a ciencia que emprega as ocupacións da vida diaria cun propósito e un significado para o individuo e capacítalle para desenvolver, recuperar, fortalecer ou previr a perda de hábitos, habilidade, tarefas, rutinas ou roles ocupacionais para participar na medida do posible, como membro do seu entorno persoal, social, cultural e económico.”*²⁶

As persoas somos seres ocupacionais, e polo tanto precisamos ocupar o noso tempo en actividades significativas. A ocupación é *“unha actividade significativa, intencional e funcional do suxeito no desempeño da súa vida cotiá”*. A Terapia Ocupacional ten como obxectivo o estudo da ocupación.²⁷

Hai varios tipos de ocupacións nas cales as persoas se poden involucrar cando un terapeuta ocupacional está a traballar con elas, estas ocupacións ou actividades son chamadas *“áreas de ocupación”* (actividades da vida diaria, actividades instrumentais da vida diaria, descanso e sono, xogo, traballo, educación, ocio e participación social). Dentro da área de traballo, Mosey inclúe as actividades para a participación nun emprego remunerado ou en actividades relacionadas co voluntariado.²⁶

Para levar a cabo un plan de intervención en Terapia Ocupacional, hai que ter en conta as necesidades e demandas, así como ter en conta os seus intereses, dándolle a escoller o medio de traballo para conseguir o obxectivo proposto e buscando a iniciativa da persoa para participar na tarefa.²⁸

O emprego é unha forma de inclusión na sociedade xa que as persoas poden ver aumentado a súa autoestima, sentirse máis realizadas, ter un rol na sociedade, obter recursos económicos, ser unha ponte para as relacións e a comunicación co resto de persoas tanto no ámbito laboral como no social.²⁹

Dende o punto de vista da Terapia Ocupacional, as funcións dun terapeuta ocupacional en relación co emprego son:²⁷

- Realizar unha avaliación inicial ocupacional.
- Asesorar ás persoas no mundo formativo-laboral atendendo as súas capacidades, necesidade e intereses.
- Analizar os postos de traballo, por se hai que realizar algún tipo de modificación.
- Analizar se o posto de traballo é compatible ca persoa que o vai desempeñar.
- Atender ás ofertas de traballo e outras ofertas formativas.
- Preparar ás persoas para buscar emprego, este leva a: realizar currículos vitae, coñecer as diferentes fontes de información de emprego, realización dos trámites pre-laborais, adestramento en habilidades laborais básicas
- Fomentar as relacións sociais no ámbito laboral.
- Investigar, fora do ambiente laboral onde se pode incluír de acordo cos seus intereses (ceas de compañeiros/-as, cumpre anos...)
- Asesoramento tanto os/as usuarios/-as como ós/ás empresarios e/-as
- Realizar un seguimento do/da traballador/-ora.²⁷

Para levar a cabo todos os obxectivos propostos, os terapeutas ocupacionais traballaran en colaboración con distintos profesionais para acadalos, e procurando o mellor para a persoa.³⁰

O emprego pode ser unha actividade significativa se nos fundamentamos en que este vai a mellorar a calidade de vida e a autonomía persoal das persoas que o desempeñen.

2. Bibliografía

1. American Psychiatric Assotiation (APA). Manual Diagnóstico y Estadístico de los Trastornos Mentales DSM-V; 2014. Traducción español Quinta edición. Ed: Panamericana.
2. American Association on Intellectual and Developmental Disabilities (AAIDD). (2010). Enfoque multidimensional de comprensión da discapacidade intelectual. En Discapacidade intelectual: definición, clasificación e sistemas de apoio (41-49). Undécima edición. Madrid: Alianza.
3. Institución del Valedor do Pobo. Los derechos de las personas con discapacidade intelectual en Galicia. [en liña]. 2014; (p 21-25). Disponible en: www.valedordopobo.gal
4. Plena inclusión.org [En liña]. España: Plena Inclusión [data de acceso marzo 2016]. Disponible en: www.plenainclusión.org
5. Consellería de política social.gal [En liña]. Datos xerais do Censo de Persoas con discapacidade 2015. Galicia: Xunta de Galicia [data de acceso marzo 2016]. Disponible en: www.politicasocial.xunta.gal
6. Consellería de Política Social. Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020. Galicia: Xunta de Galicia [actualizado 14 Feb 2013; citado 20 abr 2016]. Disponible en: www.fegadace.org
7. Constitución Española. Artigo 9, Liberdade e Igualdade. Boletín Oficial do Estado, nº311: 29313-29424, (29/12/1978).
8. Real Decreto 290/2004, de 20 de febreiro, polo que se regulan os enclaves laborais como medida de fomento do emprego das persoas con discapacidade. Boletín Oficial do Estado, nº45, (20/02/2004).

9. Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores. Boletín Oficial do Estado, nº 75, (29/03/1995).
10. Directiva 2000/78/CE del Consello, de 27 de novembro de 2000, relativa ó establecemento de un marco xeral para a igualdade de trato en el emprego e la ocupación. Diario Oficial nº L303, (02/12/2000).
11. Integración social de los minusválidos. Lei 13/1982, de 7 de abril. Boletín Oficial do Estado, nº 103, (30/04/1982).
12. Igualdade de Oportunidades, Non Discriminación e Accesibilidade Universal das Persoas con Discapacidade. Lei 51/2003, de 2 do decembro, de Boletín Oficial do Estado, nº 289, (03/12/2003).
13. Emprego público de discapacitados Lei 53/2003, do 10 de decembro,. Boletín Oficial do Estado, nº296, (11/12/2003).
14. Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida de persoas asalariadas e se procede á súa convocatoria para o ano 2016. Diario Oficial de Galicia, nº 248, (30/12/2015).
15. Decreto 19/2016, de 25 de febreiro, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario y laboral de la Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para el año 2016. Diario Oficial de Galicia, nº45, (07/03/2016).
16. Constitución Española. Artigo 35, Dereitos e Liberdades, Sección Segunda dos Dereitos e Deberes dos cidadáns. Boletín Oficial do Estado, nº311: 29313-29424, (29/12/1978).

17. Egido I, Cerrillo R, Camina A. La inclusión social y laboral de las personas con discapacidad intelectual mediante los programas de empleo con apoyo. Un reto para la orientación. Revista Española de Orientación y Psicopedagogía (REOP), 2009; 20(2): [135-146]. Disponible en: www2.uned.es/reop/pdfs/2009/20-2%20-%20Inmaculada%20Egido.pdf
18. Real Academia da Lingua Galega (RAG). Dicionario da Real Academia Galega. 2016; [en liña]. Disponible en: www.academia.gal/diccionario
19. Nota L, Santilli S, Ginebra MC, Soresi S. Employer Attitudes Towards the Work Inclusion of People With Disability. Journal of Applied Research in Intellectual Disabilities 2014, 27, 511–520. Disponible en: <http://onlinelibrary.wiley.com/doi/10.1111/jar.12081/full>
20. Flores N, Jenaro C, Martinelli P, Vega, V. Desigualdad de Género, Inclusión Laboral y Riesgos Psicosociales: Evidencias en Trabajadoras con Discapacidad Intelectual. Cuestiones de Género: de la Igualdad y la Diferencia. 2014; nº9: 89-114.
21. Guerrero C. Inclusión Laboral de Personas con Discapacidad Intelectual. Enlace en Red; 2014. Disponible en: www.imserso.es
22. Empleo con apoyo.org [En liña]. España: Asociación Española de Empleo con Apoyo; 2008. [data de acceso abril 2016] Disponible en: www.empleoconapoyo.org
23. Servizo de Información sobre la Discapacidad.es [En liña]. España: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade; 1999. [data de acceso abril 2016] Disponible en: www.sid.usal.es/default.aspx
24. Regulación do Réxime das Empresas de Inserción. Lei 44/2007, do 13 de decembro. Boletín Oficial do Estado, nº299, (14/12/2007).

25. Gilméndez M, Grabau M. Programas para la Integración Laboral de Personas con Discapacidad Intelectual en la Generalitat de Catalunya. Revista Vasca de Gestión de Personas y Organizaciones Públicas. 2015; n^o 8, [p.44-53]. Disponible en: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=5136002>
26. Ávila Álvarez A, Martínez Piédrola R, Matilla Mora R, Máximo Bocanegra M, Méndez Méndez B, Talavera Valverde MA et al. Marco de Trabajo para la práctica de la Terapia Ocupacional: Dominio y proceso. 2da Edición [Traducción]. www.terapiaocupacional.com [portal en Internet]. 2010 [29/04/2016]; [p.85]. Disponible en: <http://www.terapiaocupacional.com/aota2010esp.pdf>. Traducido de: American Occupational Therapy Association (2008). Occupational therapy practice framework: Domain and process (2nd ed.).
27. Cuirán Yeregui O, Laparra Alguacil I, Arnedo Villanueva A, Loitegui Baceiro A. Terapia Ocupacional en Discapacidad Intelectual. Revista TOG: Revista electrónica de Terapia Ocupacional de Galicia. 2009; 6 (4): 391-409. Disponible en: www.revistatog.org
28. Lara Gómez M. Terapia Ocupacional en daño cerebral adquirido. TOG (A Coruña) [revista en Internet]. 2014; 11(9): [10 p.]. Disponible en: www.revistatog.org
29. Romero Ayuso D, Moruno Miralles P. Terapia ocupacional: Teoría y técnicas. Barcelona: Masson; 2003.
30. Barrios Fernandez S. El papel del terapeuta ocupacional en un centro ocupacional de personas con discapacidad. TOG (A Coruña) [revista en Internet]. 2011; 8(14):[17p]. Disponible en: www.revistatog.com
31. Hernández R, Fernández C, Baptista P. Metodología de la investigación. Cuarta ed. México: Edición Mr Graw Hill; 2006.

32. Quecedo Lecanda R, Castaño Garrido C. Introducción a la Metodología de Investigación Cualitativa. Revista de psicodidáctica. 2003; (14): 5-40
33. Vázquez Navarrete ML, Rejana Ferreira da Silva M, Mogollón Pérez AS, Fernández de Sanmamed Santos MJ, Delgado Gallego ME, Vargas Lorenzo I. Introducción a las técnicas cualitativas de investigación aplicadas en salud. Barcelona: Colección Materials; 2006.
34. Callejo J. El grupo de discusión a una práctica de investigación. Primera ed. Barcelona: Editorial Ariel S.S, 2001.
35. Placios B, Sanchez MC, Guitierrez A. Evaluar la investigación cualitativa. Guías o checklists. Actas 2º Congreso Nacional sobre Metodología de la Investigación en Comunicación. Disponible en: <https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/4229112.pdf>
36. Protección de Datos de Carácter Personal. Ley orgánica 15/1999 de 13 de diciembre. Boletín Oficial del Estado, nº 298, (14/12/1999).
37. Federación Mundial de Terapeutas Ocupacionales. Código de Ética. Venezuela: WFOT; 2005.

3. Hipótese

A imaxe das persoas que tentamos estudar pode ser equivocada, inxenua ou inexacta, por iso a hipótese non debe de ser marcada ata a entrada no campo.³²

A continuación refléxase a pregunta de investigación que será a condutora na elaboración do estudo:

“¿Como é a inclusión laboral das persoas con discapacidade intelectual que habitan no eido rural?”

4. Obxectivos

Obxectivo principal

Explorar a inclusión laboral das persoas con discapacidade intelectual que habitan no eido rural.

Obxectivos específicos

- Describir como é a inclusión laboral nas persoas con discapacidade intelectual que viven no eido rural.
- Recoñecer os elementos que dificultan o acceso ó mercado laboral.
- Identificar os facilitadores á inclusión laboral.
- Coñecer as diferentes visións da temática do estudo por parte dos diferentes participantes (usuario/-a, familiares, empresarios).

5. Metodoloxía

5.1 Procura bibliográfica

Para levar a cabo a procura bibliográfica consultáronse as seguintes bases de datos de carácter científico, social e clínico: PubMed, Csic, Dialnet, Cochrane, Web of science e Psycinfo, así como algúns artigos do Google académico. Para dita procura empregáronse diversos descritores combinados cos operadores booleanos “Y/AND” e “O/OR”. (Anexo I)

5.2 Tipo de estudo

Para a realización deste estudo será empregará unha metodoloxía cualitativa, enténdese por esta *“que produce datos descritivos das propias palabras das persoas, faladas ou escritas, e a conduta observable”*.³²

Empregarase este tipo de metodoloxía, xa que o que se pretende, é dar voz as persoas participantes do estudo e coñecer a realidade destas, manténdose a investigadora, en certo modo, illada do fenómeno.

Para orientar este traballo, dentro da metodoloxía cualitativa considerouse enfocalo ó paradigma fenomenolóxico. Segundo Bogden e Bikle, *“preténdese recoñecer as percepcións das persoas e o significado dun fenómeno ou experiencias”*³¹, é dicir, a investigadora procurará, dende o punto de vista de cada participante, detallar e comprender as súas vivencias.

5.3 Acceso ó campo

O acceso ó campo, e primeiro contacto será a través dunha asociación de persoas con discapacidade intelectual na que a investigadora é voluntaria.

Contactarase co/ca director/directora da asociación, e concertarase un encontro para explicarlle o proxecto que se vai levar a cabo, aclarándolle o desenvolvemento do mesmo, os obxectivos, a metodoloxía e como se vai a realizar a recollida de datos. Tamén se lle consultará se é posible ó acceso a información confidencial que será necesaria para o desenvolvemento do estudo.

Unha vez realizado este primeiro encontro co/coa director/directora, citarase ás persoas cunha discapacidade leve ou moderada que son usuarios/-as do centro, así como as súas familias ou titores legais. Presentaráselle o proxecto aclarando todas as dúbidas que teñan, e daráselle a firmar o consentimento informado para participar no estudo. (Anexo VI)

En relación coas empresas, contactarase cunha asociación que dedica a súa labor á inclusión laboral das persoas con discapacidade. Esta aportara información sobre a situación real do acceso e inclusión das persoas con DI no ámbito do emprego.

5.4 Selección de informantes

Para formar parte do estudo establecéronse diversos criterios de inclusión e exclusión para os diferentes participantes do mesmo. (Táboa I)

Táboa I: Criterios de inclusión e exclusión dos informantes

INFORMANTES	CRITERIOS DE INCLUSIÓN	CRITERIOS DE EXCLUSIÓN
USUARIOS OU USUARIAS	<ul style="list-style-type: none"> • Estar en idade laboral. • Ter unha discapacidade recoñecida leve/moderada. • Asinar o consentimento informado. 	<ul style="list-style-type: none"> • Non estar vivindo no eido rural. • Presentar dificultades na comunicación.
EMPRESARIOS OU EMPRESARIAS	<ul style="list-style-type: none"> • Estar vinculado ó acceso laboral das persoas con discapacidade. 	<ul style="list-style-type: none"> • Que o seu labor non este vinculado cos participantes da investigación.
FAMILIARES	<ul style="list-style-type: none"> • Ser familiar directo ou titor legal da persoa con discapacidade intelectual. • Ser maior de idade. 	<ul style="list-style-type: none"> • Non ter contacto directo coa persoa con discapacidade.

5.5 Recollida de datos

Para a recollida de datos empregáronse distintas técnicas: entrevistas e grupos de discusión.

Entrevista

Segundo Ruiz-Olabuénaga, a entrevista consiste “*nunha conversa na que se exercita o arte de formular preguntas e escoitar respostas*”, a finalidade da entrevista é conseguir información e explorar as ideas, situacións vividas, etc. das persoas entrevistadas.³³ Estas entrevistas serán semiestructuradas, con preguntas tanto abertas como pechadas.

Estas entrevistas realizaranse no lugar que os informantes decidan, para que se atopen cómodos a hora de levalas a cabo. (Apéndices II, III, IV)

A información que se intercambie será persoal, tolerante e libre. Toda a información será gravada e despois serán transcritas. Unha vez estean todos os datos recollidos, as gravacións serán destruídas.

Cando as entrevistas estean transcritas realizarase unha análise previa para decidir as categorías emerxentes e para a posterior realización dos grupos de discusión.

Grupos de discusión

Segundo Muccchielli, “*Por grupo de discusión, en sentido estrito, enténdese un grupo cuxo obxectivo é levar a cabo unha confrontación de opinións, de ideas ou de sentimentos dos participantes con vistas a chegar a unhas conclusións, a un acordo ou a unhas conclusións*”.³⁴

Estes grupos de discusión realizaranse nunha hora e lugar que a investigadora principal considere oportuno, e serán gravados ó igual que as entrevistas.

5.6 Análise de datos

Os datos obtidos polos participantes (usuarios, familiares e empresas) nas entrevistas, analizaranse a través da triangulación, “*esta proporcionara unha visión holística, múltiple e sumamente enriquecedora*”.³¹ Farase de forma individual tanto por parte da investigadora como polos directores do estudo,

despois realizaras unha reunión para poñer en común os temas extraídos das entrevistas e plasmaranse os resultados obtidos.

Para a análise de datos empregarase o programa Atlas-ti versión 6.0 para Windows 10 Home, que nos vai a servir como ferramenta de apoio.

Cando o análise de todos os datos recollido estea feito, volverase ó campo e mostraranse os resultados ós participantes do estudo para coñecer as súas sensacións e sentimentos ó respecto.

5.7 Rigor e credibilidade

Credibilidade

A credibilidade está orientada a exactitude da investigación, é dicir, que o investigador comprobe as suposicións e intereses cas diferentes fontes das que se conseguiron os datos.³⁵ Neste estudo empregaranse cadernos de campo, triangulación e rematado o estudo volverase ó campo para mostrar os resultados ós participantes e asegurar dito criterio.

Transferibilidade

Segundo Ruiz-Olabuénaga, a transferibilidade *“refírese ó grado en que os suxeitos investigados son representativos do universo ó cal poden estenderse os resultados obtidos”*.³⁵ Detallaranse minuciosamente as características das persoas estudadas e o lugar, así como o fenómeno estudado.

Confirmabilidade

Corresponde á fiabilidade do estudo, e alude a estabilidade dos datos. No estudo a investigadora realizará un rexistro das ideas e decisións que tivo referente ó estudo.³⁵ Empregaranse gravacións de voz, describiranse as características dos participantes e como foi o proceso de selección e os contextos físicos, interpersoais e sociais na presentación do informe de investigación.

Dependencia

A dependencia é fundamental na investigación e equivale a comprender a realidade da mesma forma que o faría alguén sen prexuízos nin levado por intereses particulares.³⁵ Diferentes investigadores que recollan datos parecidos no campo, e realicen os mesmos análises, xeren resultados similares.

5.8 Aplicabilidade

Cos resultados que se obteñan deste estudo obterase maior información e coñecemento da inclusión laboral das persoas con discapacidade intelectual no eido rural, e poderían servir para reflexionar e mellorar:

Usuarios/Usuarias: Para escoitar a súa voz e a percepción que teñen no proceso de ser empregados/-as dunha empresa.

Familias: Para escoitar a voz do seu familiar, e ver que vantaxes e inconvenientes que se atoparon á hora da inclusión do seu familiar no mundo laboral.

Profesional: Para reforzar o coñecemento e ampliar o campo de actuación da Terapia Ocupacional no eido comunitario e outras disciplinas do obxecto de estudo.

Comunidade: Para que os empresarios teñan unha visión máis positiva das persoas con discapacidade intelectual nas súas empresas, e incrementar a súa contratación.

Comunidade política: Para concienciar á comunidade política das necesidades das persoas con discapacidade intelectual, mais concretamente, da súa inclusión no mundo laboral, e requirir mais axudas para este ámbito.

5.9 Limitacións do estudo

O desenvolvemento deste proxecto realizarase nun ámbito moi concreto, co cal pódese ver dificultado á hora de crear resultados.

6. Plan de traballo

Táboa II: Plan de traballo

FASES DA INVESTIGACIÓN		ANO 2016				
	Xaneiro- Febreiro	Marzo-Abril- Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro
Procura bibliográfica						
Elaboración do proxecto						
Entrada ó campo						
Recollida dos datos						
Redacción do informe						
Difusión dos resultados						

7. Consideracións éticas

Para a realización deste estudo, solicitarase a autorización ó Comité de Ética de Investigación Clínica de Galicia.

Presentarase a información, tanto verbal como escrita ós/ás participantes do estudo. Solicitarase un consentimento individualizado (Anexo VI) e información sobre a natureza, metodoloxía e obxectivos deste (Anexo V). Tamén se lles explicará os/as participantes que no momento que desexen abandonar o estudo, poderán facelo sen ningún tipo de repercusión.

Os datos soamente serán consultados pola investigadora principal e os directores do mesmo. Para asegurar o anonimato e confidencialidade dos mesmos, serán codificados mediante códigos alfanuméricos. Soamente terá acceso á información o/a investigador/investigadora principal. As gravacións serán destruídas rematado o estudo.

Para leva a cabo este proxecto terase en conta ó amparo de confidencialidade acordado na Lei 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal.³⁶

Respectaranse as normas de boa práctica clínica e o *Código de Ética de la Federación Mundial de Terapia Ocupacional* del año 2005.³⁷

8. Plan de difusión e resultados

Congresos

- XIII Congreso Nacional de Estudiantes de Terapia Ocupacional que será celebrado no ano 2017, lugar aínda por determinar.
- XIII Congreso nacional de emprego con apoio que será celebrado no 2017, lugar por determinar.
- Xornada Autismo e discapacidade intelectual: da primeira infancia á idade adulta, organizado pola Confederación Española de Organizacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual (FEAPS). Será celebrado no ano 2017, o lugar está por determinar.
- Encontro sobre persoas con discapacidade intelectual: investigación, coñecemento e innovación, organizado pola Universidade Internacional Méndez Pelayo en Madrid. Data a determinar.
- II Congreso nacional sobre o emprego de persoas con discapacidade. Celebrado na comunidade Andaluza. Lugar e data a determinar.

Revistas

Os resultados obtidos despois de realizar o proxecto serán publicados á Revista de Terapia Ocupacional de Galicia e a outras revistas nacionais e internacionais referentes á Terapia Ocupacional.

Na seguinte táboa móstranse algunhas revistas e o seu factor de impacto no ano 2014.

Táboa III: Factor de impacto de revistas no ano 2014

<u>REVISTAS</u>	<u>FACTOR DE IMPACTO</u>
Occupational Therapy International	0.780
American Journal of Occupational Therapy	1.532
Scandinavian Journal of Occupational Therapy	1.090
British Journal of Occupational Therapy	0.155
Intellectual and Developmental Disabilities (USA)	1.488

Comunidade

Difundiranse polas diversas asociacións de persoas con discapacidade intelectual, concellos e empresas para dar a coñecer os resultados e mellorar a inclusión destas persoas no ámbito laboral.

9. Financiamento da investigación

9.1 Recursos e presupostos

Táboa IV: Recursos e presupostos da investigación

RECURSOS	TOTAL
<u>Humanos</u>	
1 Terapeuta Ocupacional (incluído seguridade social)	1.233,56€* x 9 meses= 11.102,04€
<u>Material tecnolóxico</u>	
Ordenador portátil	600€
Gravadora	70€
Impresora	90€
Teléfono móbil	100€
Disco duro externo	60€
<u>Material funxible</u>	
Folios	15€
Carpetas	10€
Bolígrafos, rotuladores, lapis...	10€
Grampadora + grampas	14€
Tinta impresora:	
• Negra	250€
• Cor	180€
<u>Infraestruturas</u>	
Instalacións pertencentes a UDC e centros de atención a persoas con discapacidade intelectual.	Sen custo
<u>Transporte</u>	
Vehículo persoal	Sen custo
Gastos de desprazamento	700€ (0,30€/km)
<u>Difusión de resultados</u>	
Inscripción a congresos	500€
Desprazamentos	2.000€
Dietas	1.000€
<u>Outros</u>	
Chamadas + Internet	30€/Mes (270€)
<u>Imprevistos</u>	
(5% do total)	1.018,62€
<u>TOTAL</u>	17.995,66€

*Dato aportado polo B.O.E (Boletín oficial do Estado)

9.2 Posibles fontes de financiamento

Públicas

Programa estatal de investigación científica, técnica e de innovación.
Universidade de A Coruña (UDC).

Privadas

- Mutua Madrileña: Axuda a proxectos sociais. Convocatoria 2017
- La Caixa: Axudas para a integración laboral. Convocatoria 2017
- Iber-caja obra social. Convocatoria 2017

10. Agradecementos

Primeiramente agradecer a meus pais, porque sen a súa axuda esta carreira non sería posible. Tamén a meus avós por ensinarlles a meus pais os principios que eles me inculcaron.

Agradecerlle tamén ós meus titores: David, gracias por aguantarme todas as veces de intentos falidos do traballo, pero agora si, é a derradeira. A ti Jessica, gracias por aceptar este traballo, un reto para ti, por aturar as miñas preguntas e quebradizos de cabeza a calquera hora do día.

A Susi e Inmi, polo seu apoio dende que puxen o primeiro pé na facultade, porque cando din que ca familia non se nace, que se vai facendo polo camiño, é moi certo. Adórovos.

A Mari, Olga, Nika, Vero, Ana, Dani, Jessica, Alex, Sami...a vós, gracias por acompañarme, e facerme pasar moi bos momentos, e os que quedan por vivir.

Os meus compañeiro de carreira, en especial cos que compartín grandes momentos: Kike, Xana, Jaco, Ju...e sobre todo a ti miña Je, por todos os momentos compartidos, bos e non tan bos, e porque os sigamos compartindo como ata agora, gracias por cada instante, Loviu.

A ASPABER (usuarios, compañeir@s e amig@s), porque con vós comezou a miña Terapia Ocupacional.

A ti Pauli, porque sen ti, nada tería sentido. Gracias por aceptarme tal e como son e deixarme medrar como profesional.

E a TI, un GRACIAS enorme, por aparecer no mellor momento, unha gran parte disto é gracias a ti, sen o teu apoio non tería as forzas suficientes para rematalo. Foi unha gran experiencia compartir contigo este traballo, e os momentos que nos quedan, están por escribir. De novo; gracias BAM.

Gracias a tod@s e cada un/unha, este traballo sen vós non sería posible.

ANEXOS

Anexo I: Procura bibliográfica

Procura bibliográfica

Termos empregados	<ul style="list-style-type: none">• Intellectual disability, discapacidade intelectual• Job, traballo• Employment, Empleo• Área laboral• Occupation, ocupación• Occupational therapy, terapia ocupacional• Ergotherapy
Os artigos seleccionados compren os seguintes criterios	<ul style="list-style-type: none">• Artigos recentes publicados entre 2006-2016• Artigos en diversos idiomas (español, inglés, catalán)• Artigos a texto completo dende unha rede libre• Artigos a texto completo dende a rede da Universidade de A Coruña (UDC)

Bases de datos

Bases de datos consultadas
<ul style="list-style-type: none">• Pubmed• CSIC• Dialnet• Cochrane• Web of science• PsycINFO

Anexo II: Entrevista usuario/usuario

ENTREVISTA USUARIO/USUARIA

Nome.....Idade.....

Data.....Lugar.....Código.....

1. Algunha vez tivo un emprego? Se é así, como foi a súa experiencia?
2. Que supuxo ou suporía para vostede ter un emprego?
3. Tivo algunha dificultade en canto o acceso ó emprego? (barreiras arquitectónicas, sociais, etc.) Se é así, cales foron e como fixo para procurar solucións?
4. Tivo algunha dificultade no desempeño do traballo? Cal?
5. Facilitáronlle a súa inclusión, é dicir, proporcionáronlle apoio para o acceso ó emprego? Se é así, que tipo de apoio? De parte de quen veu dado dito apoio?
6. Que tipo de profesionais lle axudaron na súa inclusión ó emprego?

Esta entrevista é confidencial, toda a información que se recolla nela será empregada soamente para realizar o estudo en cuestión. Moitas Grazas.

Anexo III: ENTREVISTA FAMILIARES

ENTREVISTA FAMILIARES

Nome.....

Nome do/da usuario/usuaria.....

Data.....Lugar.....Código.....

1. O seu familiar tivo algunha vez un emprego? Se é así, como valorou vostede esa experiencia?
2. Tivo vostede algunha dificultade en canto á inclusión nun emprego do seu familiar? Se é así, cal foi esa dificultade?
3. Proporcionáronlle algún apoio por parte da empresa ou de algunha asociación para o acceso ó traballo do seu familiar? Se é así, que apoio recibiu e por parte de que veu dado?
4. Que pensa vostede de que as empresas contraten a persoas con discapacidade intelectual? Cre que se debe fomentar o emprego para este tipo de colectivo?

Esta entrevista é confidencial, toda a información que se recolla nela será empregada soamente para realizar o estudo en cuestión. Moitas Grazas.

Anexo IV: Entrevista empresario/empresaria

ENTREVISTA EMPRESARIO/EMPRESARIA

Nome da
empresa.....

Nome do empregado.....Código.....

1. Tivo algunha experiencia relacionada co emprego dunha persoa con discapacidade intelectual na súa empresa? Se é así, como foi dita experiencia?
2. Tivo algunha dificultade á hora da súa contratación? Cal? E tivo algunha dificultade no desempeño do traballo por parte do empregado/-a?
3. Proporcionáronlle apoio por parte de algún colectivo, en momentos de dúbidas durante todo o proceso de emprego (contratación, desenvolvemento do emprego, etc.)?
4. Que lle parece que empresas como a súa inclúan no cadro de persoal a persoas con discapacidade intelectual? Que beneficios pode traer para a súa empresa?
5. Aconsellaría vostede a mais compañeiros/-as con empresas que inclúisen a persoas con discapacidade intelectual no seu cadro de persoal? Por que?

Esta entrevista é confidencial, toda a información que se recolla nela será empregada soamente para realizar o estudo en cuestión. Moitas Grazas.

Anexo V: FOLLA DE INFORMACIÓN Ó/Á PARTICIPANTE

FOLLA DE INFORMACIÓN Ó/Á PARTICIPANTE

Título: “Exploración da inclusión laboral das persoas con discapacidade intelectual no eido rural”

Investigador: Virginia Vázquez Varela, con DNI xxxxxxxx-x, estudante de Grao en Terapia Ocupacional.

Este estudo forma parte da materia “Traballo de Fin de Grao” da titulación Terapia Ocupacional pola Universidade de A Coruña, titorizado por David Luaces Gudín (Terapeuta Ocupacional e profesor asociado da Facultade de Ciencia da Saúde. Universidade de A Coruña) e Jessica Antelo Álvarez (Terapeuta Ocupacional). Este documento ten por finalidade achegar a información do estudo citado anteriormente, no cal se lle invita a participar e desenrolarase coa súa participación.

A súa colaboración neste estudo é voluntaria e anónima, se determina participar obterá información individualizada por parte do investigador/ da investigadora no transcurso do mesmo. Para iso, ten que ler e firmar este documento e facer todas as preguntas que considere necesarias para comprender o estudo. Se desexa, pode consultar calquera dúbida co/coa responsable desta investigación, consultalo con terceiras persoas e tomar o tempo que precise para decidir a súa participación.

Vostede, en calquera momento pode cambiar de opinión e abandonar o estudo cando o considere oportuno sen ter que dar ningún tipo de explicacións.

PROPÓSITO DE ESTUDO

O propósito do estudo e a causa da investigación é coñecer a inclusión laboral das persoas con discapacidade intelectual que habitan no eido rural.

Os resultados que se obteñan neste estudo servirá para mellorar a intervención da Terapia Ocupacional no ámbito laboral das persoas con discapacidade intelectual.

USO DA INFORMACIÓN

Os datos e resultados de este estudo incorporaranse no Trabalo de Fin de Grao de Terapia Ocupacional de Virginia Vázquez Varela e serán tratados pola Facultade de Ciencias da Saúde da Universidade de A Coruña para o seu almacenamento e difusión entre os profesionais, estudantes e participantes dos estudo. Ningún dato levara a identificación dos participantes no estudo.

CONFIDENCIALIDADE DOS DATOS

O tratamento, comunicación e cesións dos seus datos farase conforme ó disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de Decembro, de protección de datos de carácter persoal. En todo momento vostede poderá acceder ós seus datos, corrixilos ou cancelalos.

En todo momento, vostede poderá acceder ós seus datos, corrixilos ou cancelalos. Soamente o equipo de investigación terá acceso a todos os datos recollidos polo estudo, e soamente poderá ser transmitir a terceira persoas a informacións que non se poida identificar. Ningunha persoa que estea implicada no estudo recibira retribución ningunha.

CONTACTO

Para calquera dúbida ou pregunta sobre o contido deste Consentimento, poden contactar con:

Virginia Vázquez Varela (Alumna de 4º de Terapia Ocupacional da Universidade de A Coruña)

Teléfono de contacto: xxx-xx-xx-xx

Correo electrónico: virginia.vazquez.varela@udc.es

Anexo VI: CONSENTIMENTO DE PARTICIPACIÓN

DOCUMENTACIÓN DE CONSETIMENTO PARA A PARTICIPACIÓN NUN ESTUDO DE INVESTIGACIÓN

TITULO: “Exploración da inclusión laboral das persoas con discapacidade intelectual no eido rural”

Eu.....con D.N.I....., maior de idade e en calidade de: (marcar cun “X” o que proceda)

- USUARIO/USUARIA
- FAMILIAR/TITOR
- EMPRESARIO/-A

Lin a folla de información que se me entregou puideren manter unha conversa coa investigadora e facer todas as preguntas que considere pertinentes para comprender de que se trata o estudo, e considero que recibín a información suficiente. Comprendo que a miña participación é voluntaria e podo retirarme do estudo cando queira, sen ter que dar ningunha aclaración. Acepto que os meus datos se empreguen nas condicións citadas na folla de información o/a participante. Presto libremente a miña conformidade para participar no estudo.

O/A participante,

O/A investigador/a,

A Coruña, a.....de.....de 2016.